

Editorial



Aló polo ano mil novecentos corenta e tantos do tempo da Chaira, na imaxinaria viaxe do vello arqueólogo alemán don Otto e a súa dona Eurica por estas terras de Castro de Rei, quen primeiro lles falou do Castro de Viladonga foi o capataz de Obras Públicas encargado da conservación de parte da estrada de Vegadeo a Pontevedra, Manuel Rielo, veciño de Viladonga que nas súas horas de lecer escribía poemas e que, por ter sido emigrante en Cuba nos seus anos mozos, valoraba máis esta súa terra de sempre.

Este home, que tiña como profesión manter nas mellores condicións posibles vías de comunicación entre poboacións e veciños, tamén sabía que a cultura, aínda que de por si non abra camiños, fai que estes sexan máis amplos, menos retortos e medios eficaces de aproximación.

Cando don Otto se atopou con el por un casual e lle preguntou polo camiño da casa da Torre de Balmonte, este aconselloulle dar un arroteo para achegarse

ao Castro de Viladonga, pois, como lle dixo: “Nunca se perdoarían pasaren de longo sen visitalo estando tan preto del”. Ante a pregunta do arqueólogo: “Tan importante é?”, respondeu Rielo: “Para nós moito. Canto eu lle puidese dicir desde aquí sería un pálido reflexo comparado coa realidade. Hai que poñerse de pés nel para sentir o que é”.

Don Otto é a súa muller fixéronlle caso ao capataz-ex-emigrante-poeta-veciño e subiron ao Castro, que naquela época aínda non estaba escavado nin pouco nin moito e, visto desde fóra e por non entendidos, non pasaba de ser un outeiro moi especial no medio das chairas do Val de Francos no que só había toxos, xestas, pasteiros, terras de cultivo e unha especie de coroas que semellaban murallas de terra.

A pesar do esquecemento que o acubillaba, ao chegaren ao Castro exclamou dona Eurica, que non tiña moitos coñecementos, pero si grandes sentimentos e unha inmensa intuición: “Marabiloso!”. O seu home,

cheo de coñecementos que aquilatan os sentimentos e de saberes que converten as intuicións en ciencia verificable, retrucou: “Marabilloso e fantástico! Único e irrepetible!”

Rielo non os advertira de que no Castro podían atoparse cun tolo que a miúdo se deixaba caer alí e que perdera os miolos de tanto estudar. Quixo o azar, a casualidade ou a imaxinación do autor de *Don Otto de viaxe pola Chaira* que se atopasen con el. Cando, medio agachado tras dunhas xestas, lle escoitou dicir ao vello arqueólogo que dirixira escavacións en Exipto: “Non saben o que teñen. Se isto estivese en Exipto xa estaría escavado e estudado por centos de arqueólogos de todo o mundo”, dixo a grandes voces: “Sabemos o que temos, señor estudado, sabemos! Non lle somos tan parvos. Sabemos que temos o castro máis monumental entre o río Navia e o Douro. Sabemos que os chairegos non o trocaríamos pola mesma gran pirámide de Keops. Eu non o trocaría por todas as pirámides do mundo. Sabe por que? Voulo dicir. Non o trocaría porque isto é o noso e aquilo é o dos outros. Aquí está a cultura castrexa que é a nosa, a de pobres traballadores, e aló está a dos faraóns que quixeron perpetuarse sobre as costas dos pobres traballadores.”

Don Otto non puido resistirse á súa vocación de pescudador de tesouros agochados moitas veces debaixo da terra e púxose a remexer minimamente naqueles terreos cunha ferramenta tan elemental coma unha pedra aguzada que atopou alí mesmo, pero inesperadamente increpouno o tolo nunha reacción moi propia da súa tolemia ou da súa paixón: “Quen lle deu permiso para remexer nas miñas raíces? Non ve que aí está enterrado parte de min? Non sabe que as raíces son moi delicadas?”

Rematou a década dos 40, pasou a dos 50 e a dos 60 e a comezos dos 70, don Manuel Chamoso Lamas comezou escavacións no Castro ben sabedor de que as raíces son moi delicadas, pero tamén sabedor de que para que poidan ser coñecidas e valoradas por estudiosos e profanos é necesario desenterralas e protexelas convenientemente.

En 1982 encomendóuselle este labor de escavación, limpeza, consolidación e protección a Felipe Arias Vilas, do que non podo falar aquí todo o ben que quixera, porque o incomodan as loanzas e mesmo podería censurar este editorial.

Co inicio das escavacións, coa súa continuidade e coa construción da primeira parte do edificio que hoxe acolle o Museo tiveron moito que ver o fillo deste concello de Castro de Rei, don Ramón Falcón e a Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Xa antes, en 1979, celebrárase a chamada “Primeira Festa da Mocidade Balura” que xuntou no Castro de Viladonga a centos de persoas, na súa maior parte procedentes deste concello e da comarca chairega. Alí recolléronse sinaturas pedindo a posta en marcha dun museo, despois de que Felipe nos quentase os corazóns coa súa apaixonada explicación da importancia deste lugar arqueolóxico, especialmente para os que temos a sorte de telo entre nós, e visitáronse outros dous lugares emblemáticos do contorno arqueolóxico do Castro: o monte da Escrita e a vila de Castro de Rei co castro que lle dá nome. Naquela ocasión acompañáronnos e déronnos pulos para non desenraizarnos do noso pasado outros tres egrexios amantes da nosa identidade: don Xosé Traperero Pardo, o bispo don Miguel Araújo e don Francisco Vales Villamarín, secretario da Real Academia Galega. Naquela festa, Manuel Rielo, xa xubilado de capataz, non puido conter as bágoas por sentirse asolagado por unha emoción irresistible reprimida durante moitos anos.

Boa parte destes acontecementos lembrounos Felipe Arias no seu pregón doutra Festa Balura e de Identidade Chairega o 16 de agosto do ano 2002.

Chegado a este punto, penso que debo descubrirlles aos lectores de CROA que non estou pretendendo converter o editorial deste número nun tratado de historia. Dirá algún desconcertado lector: Quen o diría! Cal é logo a túa pretensión?

Pois é simplemente tratar de dar algúns argumentos para afirmar que o Castro de Viladonga co seu museo tivo e ten unha notable influencia cultural na comarca e especialmente nas xentes deste concello. E isto non só polo que significan en si mesmos, senón pola relación da súa dirección, do persoal do museo e da súa

Asociación de Amigos co contorno. Detallar polo miúdo as múltiples manifestacións desa influencia merecería un traballo máis completo, mellor documentado e fillo de pai máis erudito.

Por citar só algúns exemplos, velaí está a súa vinculación con varias asociacións culturais, especialmente coa de Amigos da Feira de Castro de Rei, o seu impulso, colaboración e promoción das rutas do Azúmara e da Escrita, o apoio económico e cultural ás Festas Baluras mentres se celebraron, a colaboración na realización do vídeo da Festa da Malla de Castro de Rei, a sempre preferente boa acollida aos centros de ensino desta comarca, a recollida de fotos antigas e o estudo do patrimonio cultural da zona, a festa da Noite dos Museos etc.

Pero aínda cabe volver facerse a pregunta: Verdadeiramente sabemos o que temos os veciños de Castro de Rei e da comarca? Coñecémolo e valorámolo ou deixámonos engaiolar por obras faraónicas que pouco ou nada teñen que ver coas nosas orixes? Pasamos a carón das nosas raíces sen sentir remorsos por non botarlles unha mirada agarimosa? Son conscientes os rexedores municipais de que os investimentos en cultura tamén son rendibles para o benestar de persoas e pobos e para o seu achegamento?

Unha resposta a estas preguntas pode atoparse no feito de que dos douscentos dez socios de Amigos do Museo só unha trintena son habitantes do concello de Castro de Rei. Non obstante, á hora dos petiscos da tarde-noite dos museos aparecen abondo máis. Claro que encher o bandullo coa desculpa de “participar” en actos culturais tamén forma parte da “cultura” imperante.

E seguindo con máis preguntas, non sería factible que outras persoas do Museo do Castro (a maiores do seu director) e da súa Asociación de Amigos fixese algo máis por dalo a coñecer na comarca? Por exemplo, desprazarse a centros culturais co fin de explicar o seu valor e importancia e quentar algúns corazóns, como fixera Felipe en 1979, para que logo os veciños se sintan animados a achegarse a admirar o lugar onde foron sementadas as súas raíces e o ben coidadas que se atopan e, xa aquí, sintan a necesidade de exclamar: “Marabilloso, único e irrepetible! Aquí está parte de min! Nunca me perdoaría pasar de longo estando tan preto!”.

*Escribiuno **Xosé Manuel Carballo Ferreiro**,
presidente da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, en San Martiño de Goberno (Castro de Rei),
entrando no outono de 2010.*